

PARIS, TEXAS

Wim Wenders, 1984

1099

ESTREA EN NUMAX: 22.04.2023 | V.O.S.E. | TP | 144 min

Un home camiña polo deserto de Texas sen recordar quen é. O seu irmán búscalo e intenta que recorde como era a súa vida catro anos atrás, cando abandonou a súa muller e o seu fillo. A medida que vai recuperando a memoria e se relaciona con persoas do seu pasado, cuestiona a posibilidade de refacer a súa vida.

«Un dos filmes máis agudos e exquisitos que se teñan feito sobre a familia»

Guy Lodge, THE GUARDIAN



Entrevista con Wim Wenders:

«Iso foi o que fixo que me gustase o filme, unha dirección clara desde o comezo, unha fina liña»

Por Katherine Dieckmann

Hai unha rotura en *Paris, Texas* quizais debido á marcha de Sam Shepard. Antes de que o pai e o fillo abandonen Os Ánxeles, o ton e incluso algúns episodios son similares aos teus filmes anteriores. Logo, o argumento e o estado de ánimo cambian. A primeira parte vai sobre dous irmáns, que é algo que fixera antes (non irmáns, pero si dous homes) e que Sam tamén fixera antes. Sabiamos que empezabamos este filme nun terreo común e sólido, pero tamén sabiamos que o filme realmente sucedería despois disto. Desde o noso primeiro bosquejo dunha páxina, sabiamos que o filme era Travis e Jane, e tiñamos que levar a Travis a ese punto, e a nós mesmos, e facerlle fronte a unha historia que ningún dos dous contara antes. Tiñamos que chegar a ese punto pouco a pouco. Non creo que haxa unha pausa; nalgún momento da metade, o filme xira e comeza a camiñar por un territorio novo, como nun espazo en branco da paisaxe. Polo menos a miña paisaxe.

Amosas os teus personaxes chorando, revelando unha emoción explícita, que é algo bastante novo. Preocupábase volverte demasiado sentimental?

O sentimentalismo, desde logo, é perigoso. É o outro lado da emoción, unha perversión da emoción, non si? Non penso que cruzara esa liña. Confíei moito en Harry Dean para iso. A maioría dos meus últimos personaxes foron *travisianos* dalgún xeito -podería chamalos a todos eles Travis. Travis ten menos medo que todos eles. Ou máis desesperado. Sabe que ten que ir máis lonxe e sabía que eu tiña que ir máis lonxe e non contar outra historia dun tipo incapaz de facerlle fronte ás súas emocións, ao seu amor ou aos seus desexos.

***Paris, Texas* é unha especie de misterio e parece seguir a idea de Peter Wollen de que as narracións hitchcockianas son narracións de busca, impulsadas pola busca dun obxecto ou valor. O filme céntrase en Nastassja Kinski practicamente desde o comezo. Noutros filmes teus non hai ese locus e están máis centrados na desorientación. A estrutura é moi evidente aquí.** Iso foi o que fixo que me gustase o filme, unha dirección clara desde o comezo, unha fina liña. Por unha vez estaba facendo un filme que non serpeaba por todas partes. Iso foi o que Sam aportou como escritor norteamericano ao meu filme: movemento cara adiante, que é moi americano en certo modo. Sempre me gustou ese movemento e sempre me sentín incapaz de facelo. Incluso con *The American Friend* (1977). Pensaba, “Xenial, temos esta historia de Patricia Highsmith, vainos levar a algún sitio”. Pero nunca o fixo. Foise de lado, por todas partes.

Contrastas deliberadamente o deserto descampado co deserto habitado d'Os Ánxeles. Houston é máis ben a imaxe oposta ao deserto ao comezo. Con Os Ánxeles intentamos que se parecese a calquera cidade do Medio Oeste, a ningún sitio. Unha cousa que ten *Paris, Texas* do comezo ao final -e isto foi así en todas e cada unha das tomas- é que nunca pensamos en nada que viramos antes.

Iso parece imposible. É posible como actitude. Por suposto, hai unha cantidade de imaxes que xa forman parte do subconsciente e no momento en que tes un fotograma e estás rodando, sexa no deserto ou na cidade, sería vaidoso dicir que isto é algo que non se fixo antes. Sempre intentamos ver o que había e encontrar unha forma de mostralo que se correspondese co que tiñamos diante, non cunha noción do que nos recordaba.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Alicia en las ciudades,
Wim Wenders.
a contracorrientefilms[DVD]

El cielo sobre Berlín,
Sebastiano Toma,
Lorenzo Toma.
El zorro rojo, 2016

*Los pixels de Cézanne y
otras impresiones sobre
mis afinidades artísticas*,
Wim Wenders.
Caja negra, 2016